




5º PLAN DE IGUALDADE de OPORTUNIDADES de MULLERES e HOMES do CONCELLO DE GONDOMAR


2024-2027





**5º PLAN DE
IGUALDADE de
OPORTUNIDADES
de MULLERES e
HOMES do CONCELLO
DE GONDOMAR**


2024-2027



**5º PLAN DE
IGUALDADE de
OPORTUNIDADES
de MULLERES e
HOMES do CONCELLO
DE GONDOMAR**

2024-2027


ÍNDICE




1. INTRODUCCIÓN	
.....	páx. 5
2. MARCO NORMATIVO DA IGUALDADE	
.....	páx. 9
3. PROCESO DE ELABORACIÓN DO 5º PLAN DE IGUALDADE	
.....	páx. 17
4. ESTRUCTURA E CONTIDOS DO 5º PLAN DE IGUALDADE	
.....	páx. 21
4.1. Obxectivos do 5º Plan de Igualdade	
.....	páx. 24
4.2. Áreas de intervención	
.....	páx. 27
5. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	
.....	páx. 43
6. CRONOGRAMA	
.....	páx. 47
7. ANEXO	
.....	páx. 51

**5° PLAN DE
IGUALDADE de
OPORTUNIDADES
de MULLERES e
HOMES do CONCELLO
DE GONDOMAR**

2024-2027



1. INTRODUCCIÓN



**5º PLAN DE
IGUALDADE de
OPORTUNIDADES
de MULLERES e
HOMES do CONCELLO
DE GONDOMAR**

2024-2027

Desde hai anos, o Concello de Gondomar, debido ao seu compromiso coa consecución da igualdade de mulleres e homes, vén desenvolvendo políticas de igualdade e poñendo en marcha recursos e servizos dirixidos a paliar a situación de desigualdade das mulleres. Neste sentido, e para cumprir coa legalidade vixente en materia de igualdade, elabora este 5º Plan de igualdade de oportunidades de mulleres e homes.

O 5º Plan de igualdade pretende ser a folia de ruta que guiará a política municipal cara á consecución da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. Neste sentido, terá a función de servir como guía para que os diversos departamentos municipais implicados poidan levar a cabo as actuacións establecidas e, deste xeito, acadar os obxectivos establecidos para tal fin.


Como é coñecido, o ámbito local é o máis idóneo para garantir o dereito á igualdade, por ser a esfera de goberno máis próxima á poboación, polo que representa o ámbito de intervención máis adecuado para combater a reprodución das desigualdades e para promover unha sociedade igualitaria onde mulleres e homes poidan gozar dos mesmos dereitos e oportunidades.

O 5º Plan de igualdade de oportunidades de mulleres e homes foi deseñado para unha vixencia de catro anos (2024-2027). As accións que se establecen no devandito plan baséanse nas conclusións e recomendacións recollidas na avaliación do 4º Plan de igualdade de mulleres e homes, na participación do persoal técnico e nos resultados do diagnóstico sociodemográfico de mulleres e homes do concello de Gondomar.

Para finalizar, indicar que o 5º Plan de igualdade é o resultado dunha análise e dunha visión práctica, xa que a través do seu proceso de elaboración incorporáronse diversas miradas sobre a realidade do municipio, tendo como resultado un plan **realista** e **viable** que contén obxectivos que poden ser acadados, e medidas e accións adaptadas á realidade local.

**5º PLAN DE
IGUALDADE de
OPORTUNIDADES
de MULLERES e
HOMES do CONCELLO
DE GONDOMAR**


2024-2027



2. MARCO NORMATIVO

O dereito á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes está recollido en diversos marcos de referencia existentes nos ámbitos internacional, estatal e autonómico. A continuación amosamos a normativa máis relevante contemplada para a elaboración do 5º Plan de igualdade de oportunidades de mulleres e homes do Concello de Gondomar.

10




**5º PLAN DE
IGUALDADE de
OPORTUNIDADES
de MULLERES e
HOMES do CONCELLO
DE GONDOMAR**

2024-2027

ORGANIZACIÓN NACIONS UNIDAS (ONU)


- **Carta Fundacional das Nacións Unidas** de 1945, que recolle como un dos tres grandes obxectivos “definir e protexer os dereitos e liberdades de todo ser humano, sen distinción de raza, sexo, idioma e relixión”.
- **Declaración Universal dos Dereitos Humanos** de 1948, onde se proclama “a igualdade de dereitos de homes e mulleres”. Recolle o principio de non discriminación “toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados por esta declaración, sen ningunha distinción de raza, color, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición”.
- **Convención para a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller** (CEDAW) (1979). Ratificada en España en 1983.
- **I Conferencia Mundial sobre a Condición Social e Xurídica da Muller**, de 1975 e as posteriores. IV Conferencia Mundial sobre a Muller de Beijing (1995) e a súa Declaración e Plataforma de Acción de Beijing. No ano 2020, coa conmemoración dos 25 anos da Conferencia, ONU Mulleres convoca o Foro Xerando Igualdade, unha reunión mundial centrada na sociedade civil onde se presentan accións concretas e transformadoras para lograr a igualdade de xénero.
- **Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller** (1993), na que se expoñen detalladamente as normas internacionais sobre a violencia contra as mulleres. Implica un consenso internacional sobre a obriga dos estados de eliminar a violencia contra as mulleres.
- **Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible de Nacións Unidas** (2015), un plan de acción internacional a favor das persoas, o planeta, a prosperidade e a paz universal. Esta axenda recolle entre os seu obxectivos: acadar a igualdade de xénero e apoderar a todas as mulleres e nenas (obxectivo 5). Establece tamén que a igualdade entre mulleres e homes ten que incorporarse transversalmente en todos os obxectivos da Axenda.



PARLAMENTO EUROPEO E CONSELLO DE EUROPA

- **Tratado de Roma (1957):** introduce o principio de igual remuneración para mulleres e homes por un traballo de igual valor.
- **Tratado de Maastricht (1993):** reconece a implantación de medidas de acción positiva para as mulleres.
- **Tratado de Ámsterdan (1997):** introduce unha nova base xurídica para as medidas relativas á igualdade entre mulleres e homes no que respecta ás oportunidades no mercado laboral e ao trato no traballo.
- Directivas, recomendacións e resolucións en materia de emprego, participación e toma de decisións, fenda salarial, loita contra a violencia de xénero, conciliación da vida laboral e profesional, feminización da pobreza etc., establecidas dende 1975 ata a actualidade.
- **Directiva 2004/113/CE** do Consello, do 13 de decembro de 2004, pola que se aplica o principio de igualdade entre mulleres e homes ao acceso a bens e servizos e ao seu subministro.
- **Directiva do Parlamento Europeo e do Consello de Europa 2006/54/CE**, do 5 xullo de 2006, relativa ao principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre mulleres e homes en asuntos de emprego e ocupación.
- **Directiva 2010/41/UE** do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 xullo de 2010, sobre a aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres que exercen unha actividade autónoma.
- **Convenio do Consello de Europa** do 11 de maio de 2011, sobre a prevención e a loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (Convenio de Istambul). Neste documento amplíase o concepto de violencia de xénero e incorpora outras formas e manifestacións desta violencia exercida contra as mulleres.
- **Directiva (UE) 2019/1158** do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, relativa á conciliación da vida familiar e a vida profesional das persoas proxenitoras e cuidadoras, e pola que se derroga a Directiva 210/18/UE/do Consello.


- **Ano 2020. Estratexia de Igualdade de Xénero da Unión Europea 2020-2025**, onde se recolle que a igualdade de xénero é un valor central da Unión Europea que non foi acadado por ningún Estado membro. Formúlase unha estratexia baseada en seis eixos: o fin da violencia e os estereotipos de xénero; avanzar cara a unha economía con igualdade de xénero; acadar a igualdade nos postos de mando en todos os ámbitos da sociedade; incorporar a igualdade nos instrumentos de financiamento e garantía orzamentaria da Unión Europea e abordar a igualdade de xénero e o apoderamento das mulleres.




O Parlamento e o Goberno español elaboraron e aprobaron ao longo dos anos diversas leis dirixidas a erradicar as desigualdades e discriminacións existentes entre mulleres e homes e a eliminar a violencia contra as mulleres.

- **Lei 30/2003**, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno.
- **Lei orgánica 1/2004**, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, que ten por obxecto actuar contra a violencia que, como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, se exerce sobre estas por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou quen estean ou estivesen ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia.
- **Lei orgánica 3/2007**, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que ten por obxecto facer efectivo o dereito de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, mediante a eliminación da discriminación da muller, sexa cal fose a súa circunstancia ou condición, en calquera dos ámbitos da vida, sobre todo nas esferas política, civil, laboral, económica e social e cultural para o desenvolvemento dos artigos 9.2 e 14 da Constitución e acadar unha sociedade máis democrática, xusta e solidaria.
- **Pacto de Estado contra a violencia de xénero**, aprobado polo Congreso o 28 de setembro de 2017.
- **Plan integral contra a trata de mulleres e nenas** con fin de explotación sexual 2015-2018.
- **Plan para a promoción das mulleres** do medio rural 2015-2018.
- **Real decreto lei 9/2018**, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
- **Real decreto-lei 6/2019**, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantir a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación.


- **Real decreto 901/2020**, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro, para cumprir co mandato legal de desenvolvemento regulamentario dos plans de igualdade.
- **Real decreto 902/2020**, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes que ten como obxecto establecer medidas específicas para facer efectivo o dereito á igualdade de trato e á non discriminación entre mulleres e homes en materia retributiva, e desenvolver os mecanismos para identificar e corrixir a discriminación neste ámbito e loitar contra esta.
- **Lei 15/2022**, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación ten por obxecto garantir e promover o dereito á igualdade de trato e non discriminación, respectar a igual dignidade das persoas no desenvolvemento dos artigos 9.2, 10 e 14 da Constitución. Regula tamén os dereitos e obrigas das persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, establece principios de actuación dos poderes públicos e prevé medidas destinadas a previr, eliminar e corrixir toda forma de discriminación directa ou indirecta, nos sectores público e privado.
- **Lei orgánica 8/2021**, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.
- **Lei orgánica 2/2022**, do 21 de marzo, de mellora da protección das persoas orfas vítimas da violencia de xénero.
- **Lei orgánica 10/2022**, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.
- **Plan estratéxico para a igualdade efectiva de mulleres e homes 2022-2025.**
- **Resolución do 13 de xullo de 2023**, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se modifica a do 16 de marzo de 2023, pola que se crea o Rexistro de plans de igualdade das administracións públicas e os seus protocolos fronte ao acoso sexual e por razón de sexo.



- **Lei 11/2007**, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- **Decreto lexislativo 2/2015**, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- **Lei 2/2014**, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- **Lei 12/2016**, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- **Lei 7/2023**, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- **DECRETO 130/2016**, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e a acreditación dos centros de información á muller da titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.
- **VII Plan estratéxico de Galicia** para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.
- **I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos** de Galicia 2016-2020.
- **Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021**.





**3.
PROCESO DE
ELABORACIÓN
DO
5.º PLAN
DE IGUALDADE**




**5º PLAN DE
IGUALDADE de
OPORTUNIDADES
de MULLERES e
HOMES do CONCELLO
DE GONDOMAR**

2024-2027


Esquema do proceso de elaboración do 5.º Plan de igualdade de oportunidades de mulleres e homes do Concello de Gondomar 2024-2027






**5º PLAN DE
IGUALDADE de
OPORTUNIDADES
de MULLERES e
HOMES do CONCELLO
DE GONDOMAR**

2024-2027




**4.
ESTRUTURA DO
5.º PLAN
DE IGUALDADE**



**5º PLAN DE
IGUALDADE de
OPORTUNIDADES
de MULLERES e
HOMES do CONCELLO
DE GONDOMAR**

2024-2027

5º Plan de igualdade de oportunidades de mulleres e homes do Concello de Gondomar 2024-2027



4.1. Obxectivos

O 5.º Plan de igualdade de oportunidades de mulleres e homes do Concello de Gondomar ten como pretensión acadar a igualdade real e efectiva de mulleres e homes a través da posta en marcha e implantación de políticas locais de fomento da igualdade.


Os obxectivos xerais do plan de igualdade son:

- Introducir o principio de igualdade de oportunidades de mulleres e homes na Administración local.
- Fomentar a aplicación progresiva da perspectiva de xénero para promover unha educación en igualdade que potencie un cambio de valores e o apoderamento das mulleres.
- Fomentar a prevención e a eliminación das violencias machistas entre a poboación da localidade e amosar o seu rexeitamento social ante estas violencias
- Promover o principio igualdade de oportunidades na formación para o emprego e a conciliación da vida laboral, persoal e familiar das mulleres e homes do concello de Gondomar

24

Como obxectivos específicos dispón:

- Fomentar o coñecemento sobre a igualdade de oportunidades e a realidade de mulleres e homes do municipio e incrementar os recursos nesta materia.
- Promover a difusión do 5.º Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Gondomar.
- Concienciar a poboación sobre a necesidade de implantar unha educación en igualdade que promova un cambio de valores e fomenta a eliminación dos roles e estereotipos sexistas.
- Fomentar e impulsar o proceso de apoderamento e a participación social das mulleres da localidade.
- Potenciar o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no programa deportivo municipal.
- Garantir unha atención integral ás mulleres vítimas de violencia e ás súas fillas e fillos a través do Centro de Información á Muller como recurso dirixido a previr e actuar ante a violencia de xénero.
- Concienciar a sociedade sobre a importancia de traballar a prol da prevención e da erradicación das violencias machistas.
- Promover a igualdade de oportunidades nas accións formativas dirixidas ao emprego que desenvolva o Concello de Gondomar.
- Favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar e fomentar a corresponsabilidade das mulleres e homes do concello de Gondomar.



4.1. Obxectivos

O plan está organizado en catro áreas de intervención, e para cada unha delas establece un obxectivo xeral e varios obxectivos específicos. Dispón dun total de 4 obxectivos xerais, 9 obxectivos específicos e 45 accións. Para cada obxectivo específico deséñanse as accións, os organismos ou os axentes implicados, a temporalización prevista e os indicadores.

A continuación amosamos unha táboa que reflicte os obxectivos específicos e as áreas de intervención establecidas neste plan de igualdade.

ÁREAS DE INTERVENCIÓN	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	ACCIÓNS
Transversalidade de xénero na acción local	2	10 accións
Sensibilización e concienciación en igualdade de oportunidades	3	18 accións
Acción e prevención das violencias machistas	2	9 accións
Formación, emprego e conciliación	2	8 accións
TOTAL	9	45

A área de Transversalidade de xénero na acción local ten como obxectivos fundamentais introducir o principio de igualdade na Administración municipal, e para acadalo establece fomentar o coñecemento sobre a igualdade de oportunidades e sobre a realidade das mulleres e homes do municipio, así como, incrementar os recursos nesta materia.


A área de Sensibilización e concienciación en igualdade de oportunidades pretende concienciar a poboación da necesidade de fomentar unha educación en igualdade que orixine un cambio de valores que fomente a eliminación dos estereotipos sexistas, que potencie o apoderamento individual e a participación social das mulleres, e promova o principio de igualdade no programa deportivo local.

A área de Acción e prevención das violencias machistas ten como obxectivos fomentar a prevención e a eliminación da violencia machista entre a poboación da localidade a través de accións de concienciación social e garantir unha atención integral ás mulleres

4.1. Obxectivos

vítimas e ás súas fillas e fillos a través do Centro de Información á Muller como recurso dirixido a previr e actuar ante a violencia de xénero

A área de Formación, emprego e conciliación ten como obxectivo promover o principio de igualdade de oportunidades no emprego e favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar das mulleres e homes do concello de Gondomar.



4.2. Áreas de intervención

ÁREA 1 TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ACCIÓN MUNICIPAL

OBXECTIVO XERAL

Introducir o principio de igualdade de oportunidades de mulleres e homes na Administración local.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1

Fomentar o coñecemento sobre a igualdade de oportunidades e a realidade de mulleres e homes do municipio e incrementar os recursos nesta materia.

ACCÍONS

1.1.1 Introdución progresiva dunha linguaxe e dunha imaxe non sexista na documentación municipal interna e externa e na web municipal.

Indicadores: N.º de documentos incorporados Tipo de documentos incorporados Departamentos municipais que incorporaron				Axentes implicados: Todos os departamentos municipais			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

1.1.2 Inclusión progresiva da variable sexo nas bases de datos, nas memorias, nas estatísticas, nos estudos e nas enquisas que se promovan desde o concello coa finalidade de garantir unha análise da poboación desagregada por sexo.

Indicadores: N.º de documentos, estatísticas, estudos etc. incluídos Tipo de documentos incluídos Departamentos municipais que incluíron a variable				Axentes implicados: Todos os departamentos municipais			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

1.1.3 Creación e posta en marcha dunha caixa de suxestións na web da Concellería de Igualdade coa finalidade de recoller suxestións da cidadanía en materia de igualdade.

Indicadores: Creación da caixa de suxestións N.º de suxestións realizadas				Axentes implicados: Concellería de Igualdade			
2024	x	2025		2026		2027	

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1

Fomentar o coñecemento sobre a igualdade de oportunidades e a realidade de mulleres e homes do municipio e incrementar os recursos nesta materia.

1.1.4 Emprego de diversas ferramentas e estratexias das redes sociais para difundir as actividades e os programas municipais en materia de igualdade de oportunidades.

Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º e tipo de ferramentas empregadas				Concellería de Igualdade			
N.º e tipo de actividades difundidas							
2024	x	2025		2026	x	2027	x

1.1.5 Dotar o Departamento de Igualdade dos recursos humanos que permitan a difusión, a execución, a coordinación e o seguimento do plan de igualdade e de implantar e executar as políticas municipais de igualdade.

Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º de recursos humanos dotados				Concellería de Igualdade			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

1.1.6 Posta en marcha de estratexias e medidas de difusión e achegamento dos recursos e dos servizos existentes en materia de igualdade ás parroquias da localidade.

Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º de estratexias/medidas realizadas				Concellería de Igualdade			
Tipo de medidas realizadas				Movemento asociativo local			
Parroquias nas que se difunde							
2024		2025	x	2026	x	2027	x

1.1.7 Constitución do Consello Municipal da Muller como órgano consultivo, de representación e participación das mulleres dos diversos colectivos da localidade.

Indicadores:				Axentes implicados:			
Constitución do Consello				Concellería de Igualdade			
N.º de reunións realizadas				Movemento asociativo e colectivos locais			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

1.1.8 Asignación dunha partida orzamentaria específica anual coa finalidade de desenvolver a implantación das accións establecidas neste plan de igualdade.

Indicadores:				Axentes implicados:			
Establecemento da partida anual				Concellería de Igualdade			
Contía da partida anual							
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.2

Promover a difusión do 5.º Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Gondomar.

ACCIÓNS

1.2.1 Inclusión do 5.º Plan de igualdade de oportunidades na web municipal co obxectivo de facilitar a súa consulta polos departamentos municipais e pola cidadanía.

Indicadores:				Axentes implicados:			
Inclusión do plan na web				Concellería de Igualdade			
N.º de visitas realizadas							
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

1.2.2. Difundir o 5.º Plan de igualdade entre os diversos departamentos municipais, as entidades e as asociacións a través de medios telemáticos.

Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º de difusión realizadas				Todos os departamentos municipais			
N.º de concellerías e cidadanía implicadas							
2024	x	2025	x	2026		2027	

ÁREA 2

SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN EN IGUALDADE OPORTUNIDADES

OBXECTIVO XERAL

Fomentar a aplicación progresiva da perspectiva de xénero para promover unha educación en igualdade que potencie un cambio de valores e o apoderamento das mulleres.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1

Concienciar a poboación sobre a necesidade de implantar unha educación en igualdade que promova un cambio de valores que fomente a eliminación dos roles e dos estereotipos sexistas.

ACCIÓNS

2.1.1 Posta en marcha de actividades de sensibilización en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes dirixidas ao persoal técnico e político e aos axentes sociais e comunitarios da localidade coa finalidade de visibilizar e difundir a situación diferencial de mulleres e homes.

30

Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º de actividades organizadas				Todos os departamentos			
N.º e tipo de actividades realizadas				Movemento asociativo			
N.º de persoas participantes desagregado por sexo				Grupos políticos			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

2.1.2 Continuar coa colaboración cos centros educativos na posta en marcha e desenvolvemento de actividades dirixidas a eliminar os roles e os estereotipos sexistas e a potenciar unha educación baseada en valores igualitarios.

Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º de actividades organizadas				Concellería de Igualdade			
N.º e tipo de actividades realizadas				Concellería de Educación			
N.º de persoas participantes desagregado por sexo				Comunidade educativa			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

2.1.3 Realización de actividades dirixidas a potenciar o ocio infantil (películas, obras de teatro, contacontos, xogos...) libre de estereotipos sexistas coa finalidade de eliminar as mensaxes sexistas que conteñen estereotipos de xénero e que van condicionar a personalidade adulta.

Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º de actividades organizadas				Concellería de Igualdade			
N.º e tipo de actividades realizadas				Concellería de Benestar Social			
N.º de persoas participantes desagregado por sexo				Concellería de Cultura			
				Comunidade educativa e OMIX			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1

Concienciar a poboación sobre a necesidade de implantar unha educación en igualdade que promova un cambio de valores que fomente a eliminación dos roles e dos estereotipos sexistas.

2.1.4 Desenvolvemento de estratexias e actividades dirixidas a mozas e mozos a través das que se valoren e potencien relacións respectuosas e que fomenten a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Indicadores: N.º e tipo de actividades organizadas e realizadas N.º de persoas participantes desagregado por sexo				Axentes implicados: Concellería de Igualdade OMIX			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

2.1.5 Desenvolvemento de accións de educación afectiva e sexual, dirixidas á mocidade da localidade, que respecten a diversidade de identidades sexuais coa finalidade de eliminar o sexismo existente, e fomentar a reflexión sobre as condutas sexistas e de control que se producen.

Indicadores: N.º de accións organizadas N.º e tipo de accións organizadas e realizadas N.º de persoas participantes desagregado por sexo				Axentes implicados: Concellería de Igualdade Comunidade educativa OMIX			
2024	x	2025	x	2026		2027	x

31

2.1.6 Continuidade na conmemoración do 8 de marzo “Día Internacional das Mulleres” a través de estratexias e actividades de sensibilización e promoción da igualdade de oportunidades.

Indicadores: N.º de actividades organizadas N.º e tipo de actividades realizadas N.º de persoas participantes desagregado por sexo				Axentes implicados: Todos os departamentos municipais Comunidade educativa Movemento asociativo			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

2.1.7 Realización da programación cultural local que contemple a perspectiva de xénero.

Indicadores: N.º de actividades organizadas N.º e tipo de actividades realizadas N.º de persoas participantes desagregado por sexo				Axentes implicados: Concellería de Igualdade Concellería de Cultura			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1

Concienciar a poboación sobre a necesidade de implantar unha educación en igualdade que promova un cambio de valores que fomenta a eliminación dos roles e dos estereotipos sexistas.

2.1.8 Difusión das actividades realizadas en materia de igualdade de oportunidades, incluídas no presente plan de igualdade, empregando as ferramentas, as plataformas e as estratexias das redes sociais.

Indicadores: N.º de actividades organizadas N.º e tipo de actividades realizadas N.º de persoas participantes desagregado por sexo				Axentes implicados: Concellería de Igualdade Concellería de Cultura			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

2.1.9 Desenvolver accións de formación para mozos e homes en xeral, destinadas a cuestionar os mandados de xénero, que os leven a revisar os seus privilexios e actuar sobre eles, e traballar especificamente entre os nenos e os mozos valores alternativos aos do patriarcado e outras formas de masculinidade.

Indicadores: N.º de actividades organizadas N.º e tipo de actividades organizadas e realizadas N.º de mozos e homes participantes				Axentes implicados: Concellería de Igualdade OMIX Comunidade educativa			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

32

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.2

Fomentar e impulsar o proceso de apoderamento e a participación social das mulleres da localidade.

ACCIÓNS

2.2.1 Realización de actividades que visibilicen, poñan en valor e recoñezan as achegas e as contribucións realizadas polas mulleres aos distintos ámbitos sociais.

Indicadores: N.º de accións organizadas N.º e tipo de accións realizadas N.º de persoas participantes desagregado por sexo				Axentes implicados: Concellería de Igualdade			
2024		2025	x	2026	x	2027	x

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.2

Fomentar e impulsar o proceso de apoderamento e a participación social das mulleres da localidade.

2.2.2 Posta en marcha de actividades ou estratexias de participación e apoderamento das mulleres maiores das parroquias a través de actividades socioculturais que contribúan ao seu avellentamento activo.

Indicadores: N.º de accións organizadas N.º e tipo de accións realizadas N.º de persoas participantes desagregado por sexo				Axentes implicados: Concellería de Igualdade			
2024		2025	x	2026	x	2027	x

2.2.2 Posta en marcha de actividades ou estratexias de participación e apoderamento das mulleres maiores das parroquias a través de actividades socioculturais que contribúan ao seu avellentamento activo.

Indicadores: N.º de accións organizadas N.º e tipo de accións realizadas N.º de persoas participantes desagregado por sexo				Axentes implicados: Concellería de Igualdade			
2024		2025	x	2026	x	2027	x

33

2.2.3 Desenvolvemento de actividades de sensibilización dirixidas ás mulleres da localidade a través das que se traballen aspectos relacionados coa autoestima, a asertividade, as emocións, a empatía e a comunicación coa finalidade de reflexionar e tomar conciencia das desigualdades existentes.

Indicadores: N.º de actividades organizadas N.º e tipo de actividades realizadas N.º de persoas participantes desagregado por sexo				Axentes implicados: Concellería de Benestar Social Concellería de Igualdade			
2024		2025	x	2026	x	2027	x

2.2.4 Desenvolvemento de actividades relacionadas coa saúde e o benestar desde a perspectiva de xénero, en colaboración con entidades e organismos, que incidan en temas como a alimentación, o exercicio físico, o autocoidado etc., coa finalidade de mellorar a calidade de vida.

Indicadores: N.º e tipo de actividades realizadas N.º de persoas participantes desagregado por sexo				Axentes implicados: Concellería de Benestar Social Concellería de Igualdade e Centro de Saúde			
2024		2025	x	2026	x	2027	x

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.2

Fomentar e impulsar o proceso de apoderamento e a participación social das mulleres da localidade.

2.2.5 Realización de actividades culturais, andainas, obradoiros etc., que fomenten o apoderamento individual e colectivo das mulleres da localidade.

Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º e tipo de actividades realizadas				Concellería de Igualdade			
N.º de persoas participantes desagregado por sexo				Concellería de Cultura			
				Concellería de Turismo			
2024		2025	x	2026	x	2027	x

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.3

Potenciar o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no programa deportivo municipal.

ACCIÓNS

34

2.3.1 Desenvolvemento da programación deportiva municipal que contemple a perspectiva de xénero.

Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º de actividades organizadas				Concellería de Igualdade			
N.º de actividades realizadas				Concellaría de Deportes			
Tipo de actividades realizadas							
N.º de persoas participantes desagregado por sexo							
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

2.3.2 Elaboración dun decálogo básico de actuación en materia deportiva coa finalidade de asesorar e colaborar cos equipos deportivos locais sobre como aplicar a perspectiva de xénero no deporte.

Indicadores:				Axentes implicados:			
Elaboración do decálogo				Concellería de Igualdade			
N.º e tipo de equipos que participan				Concellería de Deporte			
2024	x	2025		2026		2027	

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.3

Potenciar o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no programa deportivo municipal.

2.3.3 Elaboración dunhas bases non sexistas que regulen os premios das competicións deportivas, cando se establezan as categorías feminina e masculina, organizadas e patrocinadas polo concello.

Indicadores: Elaboración das bases				Axentes implicados: Concellería de Igualdade Concellería de Deporte			
2024	x	2025		2026		2027	

2.3.4 Proporcionar colaboración e asesoramento ás asociacións e aos clubs deportivos que o soliciten para incluír progresivamente a perspectiva de xénero nos programas e nas actividades deportivas que desenvolven na localidade.

Indicadores: N.º de colaboracións solicitadas N.º de colaboracións realizadas N.º e tipo de clubs participantes				Axentes implicados: Concellería de Igualdade Concellería de Deporte			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

ÁREA 3 ACCIÓN E PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS MACHISTAS

OBXECTIVO XERAL

Fomentar a prevención e a eliminación das violencias machistas entre a poboación da localidade e amosar o seu rexeitamento social.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.1

Garantir unha atención integral ás mulleres vítimas de violencia e ás súas fillas e fillos a través do Centro de Información á Muller como recurso dirixido a prever e actuar ante a violencia de xénero.

ACCIÓNS

3.1.1 Mantemento e ampliación do Servizo de Asesoramento Xurídico dirixido ás mulleres vítimas de violencia machista

Indicadores: N.º e perfil mulleres atendidas pola profesional do CIM N.º e natureza das consultas realizadas. Procedencia das mulleres atendidas Grao de satisfacción das usuarias N.º e tipo de recursos dedicados				Axentes implicados: Concellería de Igualdade CIM			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

3.1.2 Mantemento e ampliación do Servizo de Asesoramento Psicolóxico dirixido ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Indicadores: N.º e perfil mulleres atendidas pola profesional do CIM N.º e natureza das consultas realizadas Procedencia das mulleres atendidas Grao de satisfacción das usuarias N.º e tipo de recursos dedicados				Axentes implicados: Concellería de Igualdade CIM			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

3.1.3 Mantemento e ampliación do Servizo de Asesoramento e Orientación Sociolaboral dirixido ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Indicadores: N.º e perfil das mulleres atendidas no servizo N.º e natureza das consultas realizadas Procedencia das mulleres atendidas Grao de satisfacción das usuarias				Axentes implicados: Concellería de Igualdade CIM			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.1

Garantir unha atención integral ás mulleres vítimas de violencia e ás súas fillas e fillos a través do Centro de Información á Muller como recurso dirixido a previr e actuar ante a violencia de xénero.

3.1.4 Darlle continuidade á Mesa Local contra a Violencia de Xénero como órgano de coordinación de todos os axentes (xurídicos, sociais, de saúde, corpos e forzas de seguridade...) implicados para velar pola recuperación integral das mulleres que sofren violencia machista.

Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º e natureza das reunións organizadas				Concellería de Igualdade			
N.º de participantes desagregado por sexo				Colectivos profesionais implicados na loita contra a violencia de xénero			
Adscrición profesional das persoas participantes desagregada por sexo							
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.2

Concienciar a sociedade sobre a importancia de traballar a prol da prevención e erradicación das violencias machistas.

37

ACCIÓNS

3.2.1 Desenvolvemento de actividades relacionadas coas habilidades sociais, a resolución de conflitos e as habilidades de comunicación como ferramenta de prevención de condutas violentas e de control.

Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º e tipo de actividades realizadas				Concellería de Igualdade			
N.º de persoas participantes desagregado por sexo				Concellería de Benestar Social			
Valoración das persoas participantes desagregada							
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

3.2.2 Realización de estratexias e actividades de prevención das agresións machistas nas festas, nos concertos, nas conmemoracións e nas celebracións que se organicen na localidade.

Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º e tipo de actividades realizadas				Concellería de Igualdade			
N.º de mulleres usuarias				Concellería de Benestar Social			
Perfil das mulleres usuarias				Comunidade educativa e movemento asociativo			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.2

Concienciar a sociedade sobre a importancia de traballar a prol da prevención e erradicación das violencias machistas.

3.2.3 Inclusión na web da Concellería de Igualdade dunha ligazón que visibilice os recursos e os servizos existentes dirixidos ás mulleres vítimas de violencia e ás súas fillas e fillos.

Indicadores:				Axentes implicados:			
Inclusión na web				Concellería de Igualdade CIM			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

3.2.4 Difusión e achegamento dos recursos existentes dirixidos á información, á prevención e á atención á violencia machista entre a cidadanía, fundamentalmente a máis moza.

Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º de accións de difusión realizadas N.º participantes desagregado por sexo				Concellería de Igualdade CIM e OMIX			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

3.2.5 Realizar campañas de sensibilización co tecido empresarial para a elaboración de protocolos de prevención do acoso laboral e sexual nas empresas radicadas no ámbito municipal.

Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º de campañas de sensibilización realizadas N.º de empresas participantes				Concellería de Igualdade Concellería de Emprego Tecido empresarial local			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

ÁREA 4 FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN

OBXECTIVO XERAL

Promover o principio igualdade de oportunidades na formación para o emprego na conciliación da vida laboral, persoal e familiar das mulleres e homes do concello de Gondomar.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.1

Promover a igualdade de oportunidades nas accións formativas dirixidas ao emprego que desenvolva o Concello de Gondomar.

ACCIÓNS

4.1.1 Inclusión nas accións e nos programas municipais dirixidos a fomentar o emprego e a inserción laboral de mulleres e homes da localidade, dunha formación ocupacional adaptada ás demandas ocupacionais da zona e libre de estereotipos de xénero.

Indicadores: N.º de programas que inclúen N.º de actividades que inclúen N.º de participantes desagregado por sexo Valoración das participantes desagregado por sexo				Axentes implicados: Concellería de Emprego Concellería de Igualdade Concellería de Benestar Social			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

39

4.1.2 Realización dunha formación para o emprego que teñan en conta preferentemente a mulleres desempregadas con baixa cualificación ou mulleres que padecen discriminacións múltiples, discapacidade, paradas de longa duración, vítimas de violencia, inmigrantes, soas con cargas familiares etc.

Indicadores: N.º de accións formativas deseñadas Tipo de accións formativas realizadas N.º de mulleres participantes Valoración das mulleres participantes				Axentes implicados: Concellería de Igualdade Concellería de Emprego Concellería de Formación e OMIX			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

4.1.3 Inclusión nos cursos de formación ocupacional realizados polo Concello de Gondomar dun módulo de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Indicadores: N.º de cursos que inclúen o módulo N.º persoas participantes desagregado por sexo Valoración persoas participantes desagregada por sexo				Axentes implicados: Concellería de Igualdade Concellería de Emprego Concellería de Formación e OMIX			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.1

Promover a igualdade de oportunidades nas accións formativas dirixidas ao emprego que desenvolva o Concello de Gondomar.

4.1.4. Realización de actividades formativas dirixidas a mellorar as capacidades dixitais das mulleres e a adquirir os coñecementos necesarios en novas tecnoloxías que lles permita desenvolverse, incrementar as posibilidades de atopar emprego e contribuír a diminuír a fenda dixital de xénero.

Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º de cursos actividades realizadas				Concellería de Igualdade			
N.º mulleres participantes				Concellería de Emprego			
Valoración das participantes				Concellería de Formación e OMIX			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.2

Favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar e fomentar a corresponsabilidade das mulleres e dos homes do concello de Gondomar.

40

ACCIÓNS

4.2.1. Realización dun documento que conteña as medidas de conciliación existentes, os dereitos, os permisos, e os beneficios relacionados coa maternidade e a paternidade mediante a inserción de ligazóns na web municipal.

Indicadores:				Axentes implicados:			
Establecemento da ligazón web				Concellería de Igualdade			
N.º de medidas difundidas							
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

4.2.2 Continuar desenvolvendo Gondoverán, programa que ten por obxecto facilitar a conciliación da vida familiar e laboral de familias traballadoras do concello de Gondomar, a través dun programa de actividades socioculturais, de tempo libre e de educación en igualdade.

Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º de actividades realizadas				Concellería de Igualdade			
N.º de persoas participantes desagregado por sexo							
Valoración participantes desagregada por sexo							
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.2

Favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar e fomentar a corresponsabilidade das mulleres e dos homes do concello de Gondomar.

4.2.3 Organización de actividades culturais, lúdicas e deportivas que fomenten a igualdade de oportunidades, dirixidas a nenas e nenos, realizadas en horario extraescolar e en períodos non lectivos.


Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º e tipo de actividades realizadas				Concellería de Igualdade			
N.º de participantes desagregado por sexo				OMIX			
Valoración persoas participantes desagregada por sexo							
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

4.2.4 4.2.4 Velar pola implantación e a ampliación de servizos e recursos dirixidos ás persoas dependentes (aulas matinais, prazas de centros de día, axuda domicilio...).


Indicadores:				Axentes implicados:			
N.º de recursos e servizos implantados				Concello de Gondomar			
N.º de recursos e servizos ampliados				Administración pública			
2024	x	2025	x	2026	x	2027	x

**5º PLAN DE
IGUALDADE de
OPORTUNIDADES
de MULLERES e
HOMES do CONCELLO
DE GONDOMAR**

2024-2027



5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN



**5º PLAN DE
IGUALDADE de
OPORTUNIDADES
de MULLERES e
HOMES do CONCELLO
DE GONDOMAR**

2024-2027

Calquera administración que desexa coñecer a eficacia, a eficiencia e a idoneidade das políticas de igualdade postas en marcha, precisa realizar a súa avaliación e o seu seguimento. Deste xeito, a avaliación do 5.º Plan de igualdade deberá ser un proceso sistemático que nos proporcionará información sobre a súa execución e os resultados obtidos.

O 5.º Plan de igualdade de oportunidades de mulleres e homes de Gondomar ten como obxectivos:


- Coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no plan, a eficacia das actuacións, os resultados obtidos e o nivel de coordinación e colaboración entre os departamentos e axentes implicados, o nivel de cobertura das actuacións, a eficacia dos recursos empregados e o investimento realizado.
- Mellorar a eficacia das actuacións en relación cos obxectivos deseñados no plan e propoñer novas medidas de mellora, se se considera necesario.
- Detectar os avances e obstáculos acontecidos na súa execución e os efectos do seu desenvolvemento. Constitúe un instrumento que facilita a toma de decisións e que permite detectar novas necesidades.

Realizarase un sistema de seguimento continuo que nos proporcionará información sobre as medidas postas en marcha e permitirá coñecer se os obxectivos establecidos foron acadados, o nivel de desenvolvemento do plan e as súas accións, así como, detectar as dificultades e os atrancos atopados para, en función disto, poder realizar os axustes necesarios.

Tras finalizar a vixencia do plan de igualdade, levarase a cabo unha avaliación final e externa que incluírá unha análise crítica das actividades realizadas que nos achegará información sobre a súa execución, o funcionamento, os efectos e os resultados obtidos.


Coa finalidade de facilitar o seguimento do plan, deseñamos unha ficha que recompilará os datos máis importantes de cada medida, os axentes responsables, o número e perfil de participantes, a temporalización etc. (ver anexo).


Desenvolverase unha avaliación cuantitativa que mida as accións segundo os indicadores establecidos (número e tipo de accións, número e perfil das persoas participantes desagregado por sexo e valoración das persoas participantes das accións...). Abordarase tamén unha avaliación cualitativa a través de entrevistas e




cuestionarios administrados ao persoal técnico, ás persoas beneficiarias dos programas e accións e ás e aos axentes sociais e da comunidade que participaron na elaboración e posta en marcha do plan.

Con toda a información extraída, elaborárase un informe final con información sobre a execución levada a cabo, unha análise e unha reflexión sobre as boas prácticas detectadas, ademais dunha serie de recomendacións que se deben ter en consideración na execución das futuras políticas de igualdade de oportunidades.






6. **CRONOGRAMA**



**5º PLAN DE
IGUALDADE de
OPORTUNIDADES
de MULLERES e
HOMES do CONCELLO
DE GONDOMAR**


2024-2027

ÁREAS DE INTERVENCIÓN	N.º ACCIÓN	ANO 2024	ANO 2025	ANO 2026	ANO 2027
TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ACCIÓN LOCAL	1.1.1				
	1.1.2				
	1.1.3				
	1.1.4				
	1.1.5				
	1.1.6				
	1.1.7				
	1.2.1				
	1.2.2				
SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	2.1.1				
	2.1.2				
	2.1.3				
	2.1.4				
	2.1.5				
	2.1.6				
	2.1.7				
	2.1.8				
	2.1.9				
	2.2.1				
	2.2.2				
	2.2.3				
	2.2.4				
	2.2.5				
	2.2.6				
	2.3.1				
	2.3.2				
	2.3.3				
ACCIÓN E PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS MACHISTAS	2.3.4				
	3.1.2				
	3.1.3				
	3.1.4				
	3.1.5				
	3.2.1				
	3.2.2				
	3.2.3				
	3.2.4				
	3.2.5				
FORMACIÓN, EMPREGO E CONCILIACIÓN	4.1.1				
	4.1.2				
	4.1.3				
	4.1.4				
	4.2.1				
	4.2.2				
	4.2.3				
	4.2.4				




**5º PLAN DE
IGUALDADE de
OPORTUNIDADES
de MULLERES e
HOMES do CONCELLO
DE GONDOMAR**

2024-2027



7. ANEXO




**5º PLAN DE
IGUALDADE de
OPORTUNIDADES
de MULLERES e
HOMES do CONCELLO
DE GONDOMAR**

2024-2027

FICHA DE SEGUIMIENTO

DAS ACCIÓNS DO 5º PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO DE GONDOMAR

DATA NA QUE SE CUBRIU A FICHA:			
ÁREAS DE INTERVENCIÓN:		Transversalidade de xénero na acción local	
		Sensibilización e concienciación en igualdade de oportunidades	
		Acción e prevención das violencias machistas	
		Formación, emprego e conciliación	
ACCIÓN:			
ACTIVIDADE:			
DESCRIPCIÓN ACTIVIDADE:			
OBXECTIVO DA ACTIVIDADE:			
POBOACIÓN BENEFICIARIA:			
N.º PERSOAS PARTICIPANTES:		N.º MULLERES:	N.º HOMES:
AXENTES IMPLICADOS:			
COLABORACIÓNS:			
SITUACIÓN:		N.º HORAS	
INDICADORES:		EXECUCIÓN: Realizada: Non realizada: En curso:	
LOGROS/RESULTADOS:			
ORZAMENTO INVESTIDO:			
PERÍODO DE EXECUCIÓN	2024:	2025:	2026: 2027:
OBSERVACIÓNS			



**5º PLAN DE
IGUALDADE de
OPORTUNIDADES
de MULLERES e
HOMES do CONCELLO
DE GONDOMAR**

2024-2027



**5° PLAN DE
IGUALDADE de
OPORTUNIDADES
de MULLERES e
HOMES do CONCELLO
DE GONDOMAR**

2024-2027